Recomendación dirixida ao Concello de Tui para que emita informe nun expediente administrativo.

Expediente: B.2.Q/21977/14

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2016

Sr. alcalde-presidente:

O artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea de 7 de decembro de 2000 recoñece a todo cidadán o dereito a unha boa administración. Con base neste precepto todo veciño dun concello de Galicia ten dereito a que a súa administración local trate "os seus asuntos imparcial e equitativamente e dentro dun prazo razoable."

A invocación deste precepto comunitario ten moita relación co comportamento seguido por esa administración municipal na tramitación de denuncias fundadas por Dª … que presenta o 27 de marzo de 2014 unha solicitude de licenza e a día de hoxe aínda está sen resolver.

Con data 02.02.2016 infórmasenos que se procede a ordenar Servizos Técnicos municipais a emisión dun informe requirido o 24 de marzo de 2014 pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, co fin de tramitar o expediente de licenza urbanística solicitado o 27 de marzo de 2014.

Por outra parte, por este e outros expediente de queixa tramitados, observamos que existen discrepancias entre os Servizos Técnicos e Xurídicos do concello que están provocando dilacións innecesarias e inexplicables na tramitación dos expedientes co correspondente prexuízo para os cidadáns.

Por todos estas razóns considérase necesario, en aplicación do disposto no art. 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo facer chegar á Alcaldía-Presidencia do Concello de Tui a seguinte recomendación:

Que se impulse o procedemento e se dea cumprimento ao establecido no art. 83.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que establece que os informes serán evacuados no prazo de 10 días, prazo que, dadas as circunstancias concorrentes, se considera suficiente para a súa emisión.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluirase na páxina web da institución.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo